

Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proposición de lei, BOPG núm. 102, do 3.2.1987.

Debate e toma en consideración polo Pleno, DSPG núm. 41, do 24.2.1987.

Acordo de tramitación polo procedemento de urxencia, BOPG núm. 113, do 2.3.1987.

Emendas, BOPG núm. 119, do 16.3.1987.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 129, do 14.4.1987.

Dictame da Comisión, BOPG núms. 136, do 2.5.1987, e 141, do 14.5.1987.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 136, do 2.5.1987.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 54, do 12.5.1987.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 144, do 18.5.1987.

Diario Oficial de Galicia núm. 103, do 2.6.1987.

Boletín Oficial del Estado núm. 173, do 21.7.1987.

Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia

Pola Lei 11/1989, de ordenación do sistema universitario de Galicia, foi modificado o artigo 11.

A autonomía das Universidades, recoñecida no artigo 27.10 da Constitución, xa foi obxecto de regulación pola Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria, que crea o Consello Social como órgano Colexiado de goberno da Universidade e lle asigna o cumprimento de importantes funcións, en consonancia coa devandita natureza, coa que se pretende garantirla directa intervención das forzas sociais na administración e goberno daquela institución.

No territorio da nosa Comunidade Autónoma a vida universitaria xira sobre a exclusiva acción da Universidade de Santiago de Compostela, que, a diferenza da maioría das demais Universidades, presenta, como peculiaridade estrutural, unha implantación efectiva en cinco campus, coincidentes coas cinco principais áreas de concentración poboacional de Galicia, cun importante grao de enraizamento en cada un dos respectivos entornos sociais e cunhas potencialidades de crecemento permanentemente alentadas pola necesidade de lles dar satisfacción

ás demandas de educación superior que nestas zonas se manifestan.

Esta Lei, que se fundamenta no artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, non pretende tan só completa-la estrutura organizativa da única institución que ten o seu cargo a organización da educación superior no territorio da Comunidade Autónoma, da forma que considera máis axustada á súa realidade presente, senón que a Lei pretende inserirse nun marco de acción máis xeral que contempla a progresiva substitución do modelo de Universidade única por un modelo plural de Universidade que poida prontamente contribuír de forma decisiva a resolver urxentes problemas non só de excesiva concentración escolar, senón tamén de variedade e riqueza de oferta educativa, plenamente adaptada ás esixencias dunha sociedade en desenvolvemento. Para acadalo devandito obxectivo créase e regúlase no Título II o Consello Universitario de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de con-

formidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia.

Título I

Do Consello Social da Universidade

Artigo 1

O Consello Social da Universidade é o órgano colexiado de goberno universitario que garante a participación da sociedade na vida universitaria galega.

Artigo 2

Ó Consello Social da Universidade correspóndenlle as seguintes funcións:

1.— Aproba-lo presuposto e a programación plurianual da Universidade, a proposta da súa Xunta de Goberno.

2.— Supervisa-las actividades de carácter económico da Universidade e o rendemento dos seus servicios.

3.— Promove-la colaboración da sociedade na financiación da Universidade.

4.— Propoñerlle á Xunta de Galicia, logo do informe do Consello de Universidades, a creación e a supresión das Facultades,

Escolas Técnicas Superiores, Escolas Universitarias, Escolas de Especialización Profesional e dos Institutos universitarios, así como a aprobación dos convenios de adscrición á Universidade, como Institutos universitarios, institucións ou centros de investigación ou creación artística de carácter público ou privado.

5.— Sinala-las normas que regulan a permanencia na Universidade daqueles estudantes que non superen as probas correspondentes nos prazos que se determinen de acordo coas características dos respectivos estudos, logo do informe do Consello de Universidades.

6.— Propoñe-la política de bolsas, axudas e créditos ós estudantes e as modalidades de exención e bonificación de pagamentos das taxas académicas.

7.— Acorda-la designación, con carácter individual, dos conceptos retributivos adicionais ó profesorado universitario, en atención a esixencias docentes e investigadoras ou a méritos relevantes, a proposta da Xunta de Goberno da Universidade.

8.— Fixa-las taxas académicas correspondentes ós estudos conducentes a títulos non oficiais.

9.— Acorda-las transferencias de gastos correntes a gastos de capital.

10.— Acorda-las transferencias de gastos de capital a calquera outro capítulo.

11.— Acorda-la adquisición por parte da Universidade de bens de equipo necesarios para o desenvolvemento dos seus programas de investigación, polo sistema de adxudicación directa.

12.— Apoia-lo desenvolvemento das manifestacións culturais que se produzan no seo da Universidade, así como fomenta-las relacións e procura-lo seu enraizamento coa sociedade galega.

13.— Calquera outra que lle sexa atribuída polo ordenamento xurídico, en especial polos Estatutos de cada Universidade.

Artigo 3

O Consello Social da Universidade estará composto por un total de vintecinco membros, dez en representación da Xunta de Goberno da Universidade e quince en representación dos intereses sociais de Galicia.

Artigo 4

O Presidente do Consello Social será nomeado polo Consello da Xunta de Galicia de entre os membros representantes dos intereses sociais, a proposta do Conselleiro de Educación.

Artigo 5

Os representantes da Xunta de Goberno da Universidade serán elixidos por esta de entre os seus membros, de conformidade cos seus Estatutos, e deberán formar parte necesariamente o Rector, o Secretario Xeral e o Xerente.

Artigo 6

1. Os quince membros representantes dos intereses sociais no Consello Social designaranse do xeito seguinte:

a) Seis polo Parlamento de Galicia, a proposta dos Grupos Parlamentarios e por maioría de tres quintos dos Deputados que forman a Cámara.

b) Cinco designados pola Xunta de Galicia.

c) Dous designados polos sindicatos que teñan consideración de máis representativos dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma, de conformidade coa normativa vixente.

d) Dous designados polas organizacións empresariais de maior implantación en Galicia.

2. Ningún dos representantes a que se refire este artigo poderá ser membro da comunidade universitaria, salvo que se atopase en situación de excedencia voluntaria ou xubilación con anterioridade á data da súa designación.

Artigo 7

Os acordos de designación a que se refiren os artigos 5 e 6 seranlle comunicados ó Conselleiro de Educación para o seu nomeamento polo Consello da Xunta e posterior publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 8

A condición de membro do Consello Social é incompatible en

todo caso coa condición de Parlamentario ou alto cargo das Administracións Públicas. É igualmente incompatible con calquera tipo de participación ou intervención administrativa ou económica en empresas ou sociedades que contraten coa Universidade obras, servizos ou subministracións.

Artigo 9

1. A duración do mandato do Presidente e dos demais membros do Consello Social representantes dos intereses sociais será de catro anos, renovable por unha soa vez.

2. Os membros do Consello Social desempeñarán os seus cargos persoalmente e non poderán ser obxecto de delegación ou representación.

3. As vacantes producidas por causa de morte, incapacidade ou renuncia dos membros do Consello Social serán cubertas polo mesmo procedemento establecido nesta Lei verbo da súa designación e polo tempo que reste de mandato.

Título II

Consello Universitario de Galicia

Artigo 10

Para a realización da política de coordinación e planificación universitarias créase o Consello Universitario de Galicia como órgano de consulta e asesoramento da Consellería de Educación.

Artigo 11

Serán funcións do Consello Universitario de Galicia:

1.— Emitir informe sobre as propostas de creación de novas Universidades e de creación, modificación ou supresión de centros universitarios.

2.— Emitir informe sobre os criterios de programación universitaria de Galicia co obxecto de acadar unha axeitada coordinación inter-universitaria.

3.— Asesorar á Consellería de Educación en tódalas materias de política universitaria que sexan sometidas á súa consideración.⁽¹⁾

Artigo 12

O Consello Universitario de Galicia quedará integrado do xeito seguinte:

Presidente: Conselleiro de Educación.

Vicepresidente: Director Xeral de Ensinanzas Universitarias e Política Científica ou órgano equivalente, que poderá asumir, por delegación, as funcións do Presidente.

Vocais: Rector, ou no seu caso Rectores, de cada Universidade con sede en Galicia.

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 11 foi modificado polo artigo 11.2 da Lei 11/1989.

Presidente, ou no seu caso Presidentes, do Consello Social de cada Universidade con sede en Galicia.

Cinco membros designados pola Comisión parlamentaria de Educación e Cultura, tendo en conta a distribución territorial dos centros universitarios en Galicia.

Actuará como Secretario, con voz e sen voto, un funcionario técnico designado pola Consellería de Educación.

Disposición adicional primeira

A Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia habilitará os créditos necesarios para o funcionamento de cada Consello Social, que se incluírán como partida separada nos presupostos das distintas Universidades.

Disposición adicional segunda

1. O Consello Social, no prazo de tres meses computado dende a data da súa constitución, elaborará e elevaralle á Xunta de Galicia o seu Regulamento de organización e funcionamento interno.

2. Elevado o devandito Regulamento á Xunta de Galicia, sancionarse e ordenarse a súa inmediata publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria

No prazo máximo de dous meses dende a entrada en vigor da presente Lei constituirase o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Disposición derradeira primeira

O disposto na presente Lei, en materia de Consello Social, será de aplicación a cada Universidade que se puidese crear no futuro en Galicia.

Disposición derradeira segunda

Autorízase á Xunta para dictar no ámbito das súas competencias cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente Lei, que entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 1987

Xerardo Fernández Albor
Presidente